



UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

REXISTRO XERAL

002540 08.05.2014 08:40

Á vista do escrito de dona Eva Yebra-Pimentel Vilar, directora do **Servizo de Optometría** da Universidade de Santiago de Compostela, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as para a realización das prácticas do alumnado do Grao en Optica e Optometría impartido na Facultade de Óptica da Universidade de Santiago de Compostela, esta REITORÍA

-Considerando que o **Servizo de Optometría** arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos das titulacións de Grao coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado.

RESOLVE

Autorizar a realización das prácticas tuteladas do alumnado do Grao Óptica e Optometría nas instalacións do **Servizo de Optometría** que se realizarán conforme ao seguinte réxime:

- As prácticas que realicen os alumnos/as terán unha carga docente de 15 créditos ECTS , e desenvolveranse de xeito continuado, ou en períodos discontinuos, previo acordo consensuado entre o alumno/a e a dirección do **Servizo de Optometría**. Computarase un crédito ECTS por cada vinte e cinco horas de prácticas, sen poder superar o límite de 375 horas, que establece o plano de estudos para estes efectos..
- Estas prácticas realizaranse no período comprendido entre o 1 de setembro ao 15 de xullo do curso académico no que se cursen as prácticas e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
- Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
- Estas prácticas non comportarán compensación económica algunha. O feito de que o alumnado realice prácticas non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Os alumnos/as que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.

- A Facultade de Óptica nomeará a un titor/a, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, a dirección do **Servizo de Optometría** nomeará a un titor/a que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.
- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-a, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-a de prácticas do **Servizo de Optometría**
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia do alumno/a non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.
- Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do **Servizo de Optometría** emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados. A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos/as que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2014

O REITOR



Juan José Casares Long

SR. DECANO DA FACULTADE DE OPTICA
SRA. EVA YEBRA-PIMENTEL VILAR
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA
SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA